Universidade Vigo

# EDIFICIO OLIMPIA VALENCIA

Plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 do Edificio Olimpia Valencia (CACTI, CINBIO e Torre CACTI)

Contido ........ 2
1 Introdución ........ 4
2 Identificación do Edificio/centro ........ 5
3 Principios básicos para a prevención da transmisión ........ 5
4 Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible .. 7
5 Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 1: normalidade adaptada ........ 9
5.1 Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns 9
5.1.1 Portas ........ 9
5.1.2 Corredores e escaleiras ........ 10
5.1.3 Ascensores ........ 11
5.1.4 Aseos ........ 11
5.1.5 Fontes de auga, máquinas expendedoras e fotocopiadoras. ........ 12
5.2 Espazos de traballo para a actividade docente 12
5.2.1 Aulas ........ 13
5.2.2 Laboratorios e talleres de docencia ........ 13
5.2.3 Espazos singulares ........ 13
5.3 Espazos de traballo para a actividade investigadora 13
5.3.1 Laboratorios e talleres de investigación. ........ 13
5.4 Espazos de traballo para a actividade administrativa 15
5.5 Despachos 16
5.6 Salóns de actos e salas de reunións 16
5.7 Salas ou zonas de descanso 17
5.8 Bibliotecas e salas de lectura 18
5.9 Conserxarías 18
5.10 Instalacións deportivas e pavillóns univeristarios 19
5.11 Xestión do correo e da paquetería. Medios de transporte propiedade da universidade 19

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes

5.12 Xardinería 20

5.13 Cafetarías e comedores 20

5.14 Prácticas de campo ou mostraxe (saídas para recollida de mostras) 20

5.15 Congresos, conferencias, encontros 21

5.16 Prácticas académicas externas, intercambios internacionais 21

5.17 Limpeza e desinfección 21

5.18 Ventilación 22

5.19 Coordinación de actividades empresariais 22

6 Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento ............ 23

7 Referencias normativas e bibliográficas............ 23

8 Outros espazos............ 25

8.1 Salas de lactación 25

8.2 ADENDA 26

9 ANEXO I:............ 31

10 ANEXO II ............ **¡Error! Marcador no definido.**

# 1 Introdución

A Universidade de Vigo, atendendo á seguridade sanitaria da Comunidade Universitaria e seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Ministerio de Universidades, Consellería de Sanidade e Secretaria Xeral de Universidades, establece un plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 na Universidade de Vigo que ten por obxecto dar a coñecer a información técnica e operativa sobre as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS-Cov-2, durante a actividade do vindeiro curso 2020-2021, na Universidade de Vigo.

Deste xeito é preciso establecer uns requisitos mínimos que garantan a calidade da docencia e da investigación na Universidade de Vigo así como definir unha serie de medidas de prevención e control que permitan garantir a seguridade tanto do persoal traballador da Universidade como do alumnado.

As medidas do plan xeral da Universidade, intégranse no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 do Edificio Olimpia Valencia.

Será de aplicación a todo o persoal traballador así como ao alumnado do Edificio Olimpia Valencia: persoal do CACTI, do CINBIO e de Torre CACTI.

Este documento actualizarase en función da información emitida polos organismos competentes.

En función da evolución da pandemia a Universidade de Vigo contempla dous escenarios posibles para o desenvolvemento da actividade no curso 2020-2021:

- Escenario 1: Normalidade adaptada
- Escenario 2: Peche dalgún centro ou confinamento

Escenario 1: Normalidade adaptada

Escenario no que a actividade presencial pode verse diminuída como consecuencia das medidas sanitarias que poden limitar o aforo tanto nas aulas como outros espazos de traballo. Inflúe na organización da actividade docente e na dos distintos Servizos do Edificio Olimpia Valencia, esto é servizos do CACTI e servizos do CINBIO. *(Teranse en conta as medidas de implementación dos criterios de prevención do punto 5 deste plan)*

Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento

Establecerase como consecuencia da aparición de casos de COVID-19 nun centro que poda implicar o peche do mesmo ou porque as autoridades sanitarias impoñen limitacións severas de mobilidade ou medidas de confinamento masivo da poboación como consecuencia dun rebrote da pandemia.

En base á experiencia acumulada da situación vivida no curso 2019-2020, terase previsto:

- O persoal cuxa actividade presencial é esencial para o mantemento da actividade universitaria no Edificio Olimpia Valencia.
    - No caso do Edificio Olimpia Valencia non ten actividade docente regular.
    - O Edificio Olimpia Valencia si que ten equipamento que necesita mantemento de forma regular. Para esta actividade, de ser necesario, se implantarán as quendas de mantemento idénticas a etapa do estado de alarma.

# 2 Identificación do Edificio/centro

Nome do edificio/centro: Edificio Olimpia Valencia

(Inclúe Centros: CACTI, CINBIO e Torre CACTI)

Enderezo: Campus Lagoas Marcosende s/n

Campus: Vigo

Código Postal: 36310

Aforo máximo do edificio/centro en estado Normal sen pandemia: 1069 persoas

Aforo COVID-19 Edificio Olimpia Valencia: FASE 2 e 3: 312 persoas.

Debido as novas normas, procedese a recalcular os aforos da FASE NOVA NORMALIDADE:

Aforo COVID-19 Edificio Olimpia Valencia: FASE NOVA NORMALIDADE: 1619 persoas

Persoa contacto COVID no Edificio Olimpia Valencia:

Fátima Otero Dios

Teléfono persoa contacto COVID Edificio Olimpia Valencia:

Tel 1: 615017702

Tel 2: 986130146

E-Mail: CINBIO.ugestion@uvigo.es

Teléfono autoridades sanitarias para a atención á COVID-19: 900400116.

Sala COVID no Edificio Olimpia Valencia: Sala de Reunións (Módulo 3 do CINBIO)

# 3 Principios básicos para a prevención da transmisión

Para facer o cálculo do aforo máximo na etapa FASE NOVA NORMALIDADE procedeuse segundo se pode ver no ANEXO I. O cálculo da superficie necesaria para manter a distancia de seguridade interpersoal realizouse de xeito que se computaron 3 m2 por persoa para manter a distancia mínima de 1,5 metros con mascara (2,25 m2 por persoa) + 0,75 m2 por presenza de posible mobiliario e aparellos de laboratorio, dando o total de 3 m2 por persoa.

Adicionalmente indicarase xunto a cada porta de acceso de cada laboratorio/estancia o número máximo de persoas de aforo de esa estancia.

En tanto non exista profilaxe ou un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza e apelar sempre á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

É imprescindible reforzar as medidas de hixiene persoal en todos os ámbitos de traballo e fronte a calquera escenario de exposición. En particular, destácanse as seguintes medidas:

- Lavaranse as mans frecuentemente con auga e xabón durante un mínimo de 40 segundos. A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección.
- Etiqueta respiratoria:
  - No caso de tusir e/ou esbirrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utilizarase a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
  - Evitarase tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas. As mans facilitan a transmisión.
  - Practicaranse bos hábitos de hixiene respiratoria.
- Evitarase o contacto físico nos saúdos. Manterase o distanciamento físico de a lo menos de 1,5 metros.
- Debido ó cambio da normativa establécese como obrigatorio o uso de máscara aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Adicionalmente no Edificio Olimpia Valencia establecese un cálculo de aforo que garante unha distancia de seguridade interpersoal superior a 1,5 metros. Ver ANEXO I.
- Adicionalmente a Universidade repartiu un kit composto de xel desinfectante, mascara, ferramenta para apertura de portas sen tocar, e pantallas.
- Tamén dispón de mascaras adicionais de reposición.
- Na entrada do centro puxéronse carteis indicadores das medidas a tomar respecto do COVID-19 e recomendación de conducta para evitar contaxios. Os carteis pódense descargar dende: https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/sinalizacion-covid-19
- Nas entradas aos módulos puxéronse carteis indicadores para recordar as medidas hixiénicas nos espazos de traballo.

Nos casos puntuais nos que non se poida garantir a distancia de seguridade será obrigatorio o uso de máscara.

A obrigatoriedade non será aplicable nos seguintes casos:

a. Persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que poida agravarse polo uso de máscara.
b. Persoas nas que o uso de máscara resulte contraindicado por motivos de saúde debidamente xustificados.
c. Persoas en situación de discapacidade ou dependencia que non poidan quitarse a máscara se o precisan.
d. Persoas que presenten alteracións de conducta que fagan inviable a súa utilización.
e. Desenvolvemento de actividades nas que, pola propia natureza destas, resulte incompatible o uso da máscara.

Nestes casos será necesario adoptar medidas organizativas ou de protección como respectar sempre a distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros, usar pantalla facial, etc..

# 4 Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible

Tanto o PDI, PAS, alumnado como o persoal de empresas externas afectado pola enfermidade COVID-19, que presente síntomas asociados a esta (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado), que se lles diagnosticara a enfermidade e non finalizara o período de illamento requirido, ou que estea en corentena por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 14 días, non poderá acudir ao Edificio Olimpia Valencia e terá que comunicalo á persoa ou persoas do Edificio Olimpia Valencia encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19. Colocaranse carteis á entrada do Edificio Olimpia Valencia para advertir aos asistentes que non accedan a este se están na situación descrita anteriormente.

Se durante a actividade do Edificio Olimpia Valencia alguén presenta síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19, contactarase coa persoa ou persoas do centro encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19. Acompañaráselle a unha sala do Edificio Olimpia Valencia elixida previamente, facilitaráselle unha máscara cirúrxica para esa persoa e outra para a persoa que a acompañe e se avisará á familia que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). No caso de que estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar avisarase ao 112. Non poderá volver a actividade presencial no Edificio Olimpia Valencia ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No Edificio Olimpia Valencia destinarase unha sala para dito fin que contará cunha ventilación adecuada, máscaras cirúrxicas, luvas, solución alcohólica, papel ou toallas e un cubo con tapa accionada por un pedal; nos edificios compartidos por varios centros poderán

ter unha única sala. No caso do Edificio Olimpia Valencia, a sala destinada para dito fin (Sala COVID-19) é a sala de reunións do Módulo 3 do CINBIO.

Os papeis ou toallas utilizados pola persoa con síntomas desbotaranse nun cubo con tapa e apertura con pedal. Unha vez depositados os panos, luvas, etc., extraerase a bolsa de plástico do cubo e introducirase nunha segunda bolsa con mecanismo de peche depositándose a continuación no contedor coa fracción resto.

Ventilarase dita sala como mínimo durante 4 horas. A ventilación deberá ser tanto forzada como natural se fora posible e deberá comezar alo menos 2 horas antes do inicio das tarefas de desinfección.

Seguidamente farase unha limpeza e desinfección exhaustiva da zona; o persoal da empresa de limpeza que a realice estará informado e formado e utilizará máscara FFP2 e luvas que desbotarán ao rematar a tarefa.

A limpeza do edificio está a cargo de varias empresas, as cales desprazan varios operarios a o Edificio Olimpia Valencia:

EMPRESA LACERA:

Ángeles Casal Silva.

María Augusta Lopes de Jesús.

Teléfono de contacto: 652160900

EMPRESA grupo OSGA:

Contacto: Esteban Miranda Pacheco

esteban.miranda@osga.es

Tel Móvil: 645 796 870

A Universidade achegou ás empresas concesionarias do servizo de limpeza no Edificio Olimpia Valencia o protocolo de limpeza que deben seguir nas súas instalacións. Dito protocolo foi entregado ás persoas contratadas para tal efecto e pode consultarse en:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/normativa/protocolo_limpeza_gl.pdf

Dentro do protocolo de limpeza e desinfección da sala anteriormente citada, despois da atención dunha persoa con síntomas, incluír as reixas de impulsión e retorno de aire, extraer, limpar e desinfectar o filtro da unidade interior se houbera (*fancois, split*). Limparase e desinfectarase a unidade interior, no caso de existir, pulverizando unha solución desinfectante.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento "Protocolo de actuación ante a aparición dun caso sospeitoso de COVID-19" coas indicacións normativas que deberanse aplicar en todos os centros.

O persoal da Universidade que pertenza á poboación vulnerable para COVID-19 seguirá as indicacións do persoal sanitario do Servizo de Prevención da Universidade. Se algún alumno/a é vulnerable para COVID-19, seguirá as indicacións do seu profesional sanitario de referencia respecto ás medidas de prevención máis adecuadas.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento "Procedemento de valoración de grupos vulnerables da Universidade de Vigo" coas indicacións que marca a normativa vixente.

En cada centro a persoa que se encargará dos aspectos relacionados coa COVID-19 será o director/a, decano/a ou persoa/as en que delegue. A continuación figura a identidade da persoa en quen delegan os directores dos centros que completan o Edificio Olimpia Valencia, que será comunicada ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade:

Persoa que se encargará dos aspectos relacionados coa COVID-19 no Edificio Olimpia Valencia:

Nome: Fátima Otero Dios

E-Mail: CINBIO.ugestion@uvigo.es

Teléfono 1: 615017702

Teléfono 2: 986130146

# 5 Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 1: normalidade adaptada

## 5.1 Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns

Os desprazamentos polo centro están ordenados seguindo un sentido de circulación xa que se garante unha distancia de seguridade mínima de 1,5 metros en caso de cruce entre usuarias/os. Así, se deberá circular pola dereita no caso dos corredores, e terán prioridade as/os usuarias/os que empreguen as escaleiras en sentido de baixada. Para tal efecto, están sinalados os sentidos de circulación e prioridade en todo o centro.

### 5.1.1 Portas

O Edificio Olimpia Valencia conta con 3 entradas: unha entrada principal con entrada e saída independentes (portas enfrontadas) e sinalizadas para tal efecto separadas nunha distancia maior a 1,5 metros, para evitar e minimizar así o cruce de persoas. As outras dúas entradas (primeira planta e planta -1) son de acceso con tarxeta que deberá ser autorizado pola empresa responsable do servizo de seguridade na universidade, pero ante as circunstancias actuais estarán abertas o máximo posible.

Para facilitar a hixiene de mans, nas entradas e saídas do centro hai dispositivos con solucións alcohólicas que as/os usuarias/os deberán usar ao acceder ao centro e ao saír, papel desbotable e papeleira. Non obstante, lavaranse as mans con auga e xabón como mínimo durante 40 segundos ou no seu defecto utilizarase solución alcohólica. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

Daráselle prioridade á opción de mobilidade que mellor garanta a distancia interpersoal de 1,5 metros. Por esta razón, é preferible o transporte individual.

Asimesmo, o edificio conta con 6 portas de saída de emerxencia accesibles dende os módulos de investigación no caso do CINBIO e dos servizos no caso do CACTI. En ambos casos, o uso das escaleiras que dan acceso ás saídas de emerxencia, está sinalizado o uso exclusivo das mesmas:

Os carteis pódense descargar dende:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/laboratorios_escaleiras.pdf .

No caso de emerxencia, utilizaranse para a evacuación do edificio estas saídas, establecidas para este efecto no Plan de Autoprotección e sinalizadas para este fin.

Na porta principal do centro puxéronse carteis indicadores das medidas a tomar respecto do COVID-19 e a recomendación de conducta para evitar contaxios. Os carteis pódense descargar dende:

https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/sinalizacion-covid-19

Na entrada da conserxería adaptouse unha mampara transparente para seguridade do persoal de conserxería e colocáronse carteis indicadores de aforo máximo.

Como medida xeral, sempre que se poida, manteranse as portas abertas evitando así tocar os pomos ou os pasadores.

#### 5.1.2 Corredores e escaleiras

Os desprazamentos polo centro están ordenados seguindo un sentido de circulación xa que o ancho dos corredores e escaleiras permite manter unha distancia de seguridade, permitindo a circulación en ambos sentidos e garantindo unha distancia de seguridade mínima de 1,5 metros en caso de cruce entre usuarias/os. Así, se deberá circular pola dereita no caso dos corredores, e terán prioridade as/os usuarias/os que empreguen as escaleiras en sentido de baixada. Para tal efecto, están sinalados os sentidos de circulación e prioridade en todo o centro.

As/Os usuarias/os deberán respectar os sentidos de circulación nos corredores e escaleiras en función das dimensións destes, e en todo caso, a circulación preferente será pola dereita.

Non se deben manter conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito. Para favorecer as reunións de traballo informais, vanse habilitar salas abertas.

O centro, actualmente, non conta con bancadas nos corredores. De ser o caso, ocuparanse os asentos de maneira que se garanta a separación como mínimo de 1,5 metros, sinalando ademais os asentos que se poden utilizar.

O uso de máscara é obrigatorio en todos os corredores, escaleiras e zonas comúns. Está sinalizado na entrada do centro e dos módulos que o compoñen: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/laboratorios_mascara.pdf.

Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

#### 5.1.3 Ascensores

O edificio conta con 2 ascensores (CACTI-CINBIO e Torre CACTI) sinalizados co aforo máximo permitido para o seu uso, que está limitado ao mínimo imprescindible fomentando o uso das escaleiras. En ambos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas.

A ocupación máxima de cada un deles é dunha persoa salvo que sexa posible garantir a separación como mínimo de 1,5 metros entre elas. No caso de persoas que precisen asistencia, permitirase tamén a utilización pola persoa acompañante. Será obrigatorio o uso de máscara. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. Nestes casos a persoa que non poida usar a máscara utilizará o ascensor soa.

Para accionar a porta e os botóns do ascensor recoméndase o uso da man non dominante, ou a ferramenta proporcionada para elo.

#### 5.1.4 Aseos

Evitarase no posible tocar calquera superficie. Lavaranse coidadosamente as mans cada vez que se faga uso dos aseos. A descarga da cisterna farase coa tapa baixada.

Contarán con xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar, así como cubos con tapa e apertura con pedal.

A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. Para aseos de máis de catro metros cadrados que conten con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, debendo manterse durante o seu uso unha distancia de seguridade de 1,5 metros. A ocupación máxima estará indicada á entrada dos aseos mediante un cartel.

5.1.5 Fontes de auga, máquinas expendedoras e fotocopiadoras.

O Edificio Olimpia Valencia conta con 5 surtidores de auga (Plantas 0, 1 e 2, e animalario) conectados á rede de auga xeral do edificio, todas elas anuladas para contribuír á minimizar o risco de contaxio durante o seu uso.

No tócante ao uso das máquinas expendedoras e fotocopiadoras, disporase de solucións desinfectantes e papel cos que as persoas usuarias limparán as superficies de contacto. Para accionar os botóns destas máquinas recomendase o uso da man non dominante.

O titular das máquinas expendedoras asegurará o cumprimento das adecuadas medidas de hixiene e desinfección daquelas.

5.1.6. Vestiarios

O Edificio Olimpia Valencia conta con 3 vestiarios: 2 na 2ª planta e 1 na 3ª planta, destinados todos eles ao uso do persoal do servizo de limpeza, para garantir o aforo máximo dos espazos compartidos. A ocupación máxima para o uso dos vestiarios para tal fin, será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. No caso de que algunha das persoas usuarias precisen asistencia, permitirase tamén a utilización pola persoa acompañante.

Ao igual que nos aseos, levarase a cabo a limpeza e desinfección das instalacións prestando especial atención nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, bancos, perchas etc.

## 5.2 Espazos de traballo para a actividade docente

O Edificio Olimpia Valencia, é un edificio destinado ao ámbito da investigación, e como tal non conta con espazos de traballo para a actividade docente, non obstante, conta con dúas salas de audiovisuais: no CINBIO (3º andar) e na Torre CACTI (andar), nas que se poden impartir actividades de carácter científico tales como seminarios, conferencias e presentacións en modalidade presencial e on-line. En este caso, se deberá garantir que o número de persoas na sala non supere a capacidade da mesma tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes.

En todo caso, a distancia entre a/o conferenciante e a/o usuaria/o más próximo/a debe ser como mínimo de 2 metros.

O uso das salas xestiónase desde a conserxaría do centro, e sempre que sexa posible, no correspondente á actividade presencial, estableceranse grupos de persoas pequenos e estables.

Será obrigatorio o uso de máscara para todas as persoas usuarias ao entrar, saír ou desprazarse pola sala, sinalando dita obrigatoriedade por medio dun cartel na porta da sala. Así mesmo será obrigatorio o seu uso nos corredores escaleiras e zonas comúns como se indica no parágrafo 4 do apartado “corredores e escaleiras”. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios

básicos para a prevención da transmisión. A saída da sala será de forma organizada e gradual para evitar aglomeracións, evitando facer reunións ou grupos nos corredores.

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, etc., e a indumentaria como bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira.

As/Os usuarias/os disporán de xeles alcohólicos para o seu uso á entrada e saída da sala.

#### 5.2.1 Aulas

Non aplicable ao Edificio Olimpia Valencia

#### 5.2.2 Laboratorios e talleres de docencia

Non aplicable ao Edificio Olimpia Valencia

#### 5.2.3 Espazos singulares

O Edificio Olimpia Valencia non conta con espazos singulares que polas súas características teñan excepcións con respecto ás aulas, laboratorios e talleres.

### 5.3 Espazos de traballo para a actividade investigadora

#### 5.3.1 Laboratorios e talleres de investigación.

A actividade que se desenvolve no edificio é principalmente de natureza investigadora, e como tal realízase en espazos comúns.

En cada porta de acceso a cada laboratorio/estancia indicarase o número máximo de persoas de aforo do mesmo. O cálculo da superficie necesaria para manter a distancia de seguridade interpersoal na etapa de NOVA NORMALIDADE realizouse do xeito indicado no punto 3 (Principios básicos para a prevención da transmisión) de este documento.

O protocolo a seguir nos laboratorios e o que se pode descargar dende o enlace:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/normativa/manual_laboratorio_gl.pdf

Adicionalmente se dispuxeron protocolos adicionais en aqueles laboratorios que polas súas peculiares parece aconsellable adoitar medidas adicionais particulares. Eses protocolos están a disposición dos usuarios en eses laboratorios.

Garantir que o número de investigadores no laboratorio ou taller non supere a capacidade do mesmo tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes.

Limitar o aforo máximo permitido mediante sinalización na porta do laboratorio ou taller.

En casos puntuais nos que non se poida garantir a distancia mínima de seguridade, e só en casos puntuais, estableceranse medidas organizativas para que se poida levar a cabo a

investigación, tales como a instalación de protección colectiva como pantallas (mínimo 2 metros de altura) para separar ao persoal investigador.

Nos momentos nos que non se poida garantir a distancia de seguridade como nos desprazamentos polo laboratorio ou taller ou cando se comparten equipos é obrigatorio o uso de máscara. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Nos equipos como microscopios, lupas etc. se recomenda a utilización de máscaras cirúrxicas así como a súa limpeza e desinfección ao rematar a súa utilización.

Desinfecta todo o material unha vez finalizado o seu uso. Utiliza desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad. Os equipos ou o material que non se poden limpar con solucións desinfectantes utiliza outros métodos de desinfección. Se é posible consulta ao provedor.

Como norma xeral se recomenda o lavado de mans, ao menos unha vez cada hora, antes e despois de poñer as luvas e as máscaras, e á entrada e á saída do laboratorio.

Impide o acceso ao interior do laboratorio ás persoas alleas ao mesmo.

Os laboratorios con autoservicio deberán seguir, a lo menos, as seguintes recomendacións:

- Cada laboratorio establecerá o seu procedemento no que indique claramente o seu funcionamento, tendo en conta as medidas de seguridade establecidas polo Ministerio de Sanidad.
- Potenciar a atención ás persoas usuarias por vía telefónica ou electrónica deixando o contacto presencial para cando sexa estritamente necesario.
- Sempre que sexa posible, será o persoal do laboratorio o que analice as mostras para evitar a utilización dos equipos por persoas usuarias, evitando tamén o contacto coas mesmas.
- Cando sexa imprescindible a atención presencial, atenderase previa cita e nun lugar establecido para este fin que se desinfectará unha vez rematada a atención. Se non fose posible gardar a distancia de seguridade será obrigatorio o uso de mascara.

Informarase claramente ás persoas usuarias sobre as medidas organizativas e sobre a súa obrigación de cooperar no seu cumprimento.

As visitas a os laboratorios e prácticas restrinxiranse de forma que so se permitirán a alumnos da propia Universidade de Vigo, ou a alumnos de programas nos que participe a Universidade de Vigo. En todo caso manteranse as medidas para gardar a distancia de seguridade, e será obrigatorio o uso de mascara.

## 5.4 Espazos de traballo para a actividade administrativa

O Edificio Olimpia Valencia conta con tres zonas habilitadas como espazos de traballo para a actividade administrativa:

- Área de administración composta pola Dirección e a Unidade de Xestión do CINBIO
- Dirección do CACTI
- Dirección de Centros de Apoio á Investigación

Todos son despachos de uso individual dos Directores, a excepción da Unidade de Xestión do CINBIO, que é un espazo compartido polo persoal de xestión e de comunicación do centro. Neste caso, o espazo conta con superficie suficiente para garantir a distancia de seguridade do persoal que conforma a unidade, e a distancia entre postos (4) supera a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros. Se a unidade precisase de incorporación de persoal adicional, se deberá garantir igualmente a distancia de seguridade. No caso de que non se poida garantir a distancia de seguridade utilizaranse medidas organizativas como a instalación de protección colectiva como pantallas (mínimo 2 metros de altura) para separar ao persoal, ubicación do persoal en outras salas ou realización de quendas.

Non se excederá o aforo máximo que permita garantir o distanciamento social e establecerase a distancia de seguridade recomendada entre o persoal usuario que se poderá sinalizar no chan de ser preciso.

Prestaranse os servizos preferentemente por vía telemática mediante solicitudes.

Cando sexa imprescindible a atención presencial por parte das persoas usuarias, atenderanse previa cita e desinfectaranse as superficies nas que tivo contacto, unha vez rematada a consulta.

Evitarase a formación de filas e permanencias prolongadas en espazos pechados.

Na medida do posible reducir o intercambio dos documentos en papel e substituílo por formatos electrónicos.

Sempre que sexa posible, organizarase a entrada de persoas por quendas respectando a distancia de seguridade, durante a espera.

A atención ao público farase a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto se gardará a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).

No caso de ter que acompañar á persoa usuaria, gardarase a distancia de seguridade e será obrigatorio o uso de máscara.

Para os desprazamentos polos servizos ou corredores será obrigatorio o uso de mascaras, seguindo o sentido de circulación sinalado que, en calquera caso, será sempre pola dereita.

Evitarase compartir material como bolígrafos, lapis, carpetas. Para isto cada quen terá o seu material diferenciado.

Os servizos contarán con desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad, así como solucións alcohólicas e panos ou toallas que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal. Son varios os servizos, tanto de CACTI como de CINBIO, que contan con protocolos espaciais, estes protocolos están dispoñibles en cada servizo.

## 5.5 Despachos

Os despachos do persoal dos centros serán de uso exclusivo para as/os investigadoras/os aos que lles foron asignados, evitando a concentración de persoas e respectando o aforo máximo dos mesmos.

Recoméndase ventilar frecuentemente o despacho, se é posible, abrindo as ventás. Recoméndase non ter alfombras.

Nos despachos compartidos, respectar a distancia de seguridade de 1,5 metros sempre que non dispoñan de barreiras tales como paneis dunha altura mínima de 2 metros. No caso de non ser posible, eliminarase algúns dos postos. Será obrigatorio o uso de máscara ao entrar, saír ou desprazarse polos despachos compartidos. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

O persoal que ocupa o despacho facilitará o traballo ao persoal de limpeza ao abandonar o mesmo, despexándoo o máximo posible.

## 5.6 Salóns de actos e salas de reunións

O Edificio Olimpia Valencia non conta con salón de actos, pero dispón de dúas salas de audiovisuais (módulo 6 do CINBIO e Torre CACTI), unha sala de reunións no módulo 3 do CINBIO e unha sala *coworking* na Torre CACTI. No punto 5.2 Espazos de traballo para a actividade docente poden consultarse as medidas adoptadas para as salas de audiovisuais.

Adicionalmente o centro ten implementada unha ferramenta web para a reserva de este tipo de salas, que é moi convinte na situación actual. De este xeito, a persoa que fai a reserva debe ter en conta as normas para o aforo especificadas para cada sala, as indicacións nas portas de acceso de esta salas, e as normas indicadas a continuación:

- As reunións do persoal PDI ou PAS realizaranse preferentemente mediante métodos non presenciais sempre que sexa posible no caso de non ser posible, gardaranse estritamente as medidas de prevención, utilizando máscara durante a reunión. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. Estas persoas non deberan estar de forma presencial na reunión.

- Gardarase a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros entre os asistentes Sinalizaranse aqueles asentos que se poidan utilizar.
- Na entrada das salas de reunións sinalizarase o aforo máximo COVID ademais de sinalizar mediante carteis as medidas hixiene e prevención fronte ao COVID-19 que deben observarse durante a actividade e velarase polo seu cumprimento.
- Evitarase na medida do posible, o paso de persoas entre filas para respectar a distancia de seguridade.
- A entrada e saída farase gradual. A apertura das portas realizarase con antelación suficiente para evitar aglomeracións. De existir pausas intermedias, estas deberán ter a duración suficiente para que a saída e a entrada durante o descanso sexa gradual.
- Estará prohibido deixar obxectos no salón de actos ao rematar o acto ou na sala despois de cada reunión.
- Se é posible deixaranse as portas abertas durante o seu uso.
- Deberase garantir a limpeza e desinfección antes e despois da súa utilización así como a ventilación. Ventilarase como mínimo durante uns 15 minutos entre o remate e o comezo de outro acto ou reunión.
- Contarán con solucións alcohólicas.

## 5.7 Salas ou zonas de descanso

Debido a que a sala dedicada a descanso en este centro non dispón de unha ventilación adecuada, polo momento non se permitirá a súa apertura para o seu uso como espazo de ocio e comedor. Esta sala de descanso non dispón de véntanas a o exterior e non conta con ventilación mecánica. No futuro si se pode arranxar esta deficiencia, seguiranse as normas correspondentes a este punto.

- Estableceranse quendas ou porase en marcha unha aplicación de reservas para acceder de forma gradual ás zonas habilitadas para descanso e sempre respectando a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.
- Gardarase a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros entre os asistentes sinalizándose aqueles asentos que se poidan utilizar.
- Non se compartiran comidas, bebidas, vasos, botellas ou cubertos.
- Estará prohibido deixar obxectos enriba das mesas.
- Se se utilizaran equipos comúns como fornos, microondas, neveiras, etc., limparanse pomos e mandos antes e despois de cada uso.
- Lavaranse as mans ao chegar e ao saír ou no seu defecto utilizaranse solucións alcohólicas.
- Limparase a mesa antes e despois de cada uso.

- Deberase garantir a limpeza e desinfección así como a ventilación. Manter as portas abertas e ventilar a sala como mínimo durante15 minutos despois das quendas de comida.
- Contarán con solucións alcohólicas para a desinfección das mans, con limpadores e desinfectantes de superficies e con panos ou papeis que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.

## 5.8 Bibliotecas e salas de lectura

Non aplicable ao Edificio Olimpia Valencia xa que no edificio non se dispón de bibliotecas e salas de lectura.

## 5.9 Conserxarías

A conserxaría do centro está situada na planta 0 do edificio e conta con un espazo acristalado nas inmediacións da entrada principal. Como medida para garantir a seguridade do persoal do servizo de conserxaría e minimizar o risco de contaxio, na ventá de atención ó publico, adaptouse unha pantalla transparente para evitar o contacto directo entre persoas.

O persoal que conforma este servizo está composto por 1 Técnico Superior de Servizos e 3 técnicos auxiliares en quenda de mañá e 2 auxiliares en quenda de tarde que traballan de forma organizada e coordinada de forma que se garanta o aforo máximo no interior do espazo da conserxaría. Para a identificación de dito aforo máximo, instaláronse carteis na entrada.

No interior da conserxaría, entre os/as compañeiros/as, respectarase a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.

A atención á persoa usuaria farase sempre a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador indicada máis arriba, ou no seu defecto gardando a distancia de seguridade, mínima de 1,5 metros (esta distancia está marcada no chan).

Impedirase o acceso ás persoas usuarias ao interior da conserxaría.

Na recepción e entrega de paquetes de grandes dimensións ou na manipulación de mobiliario nas que estean implicadas máis dunha persoa e non se poida gardar a distancia de seguridade, será obrigatorio o uso de máscara.

A conserxaría conta con unha caixa onde as persoas usuarias poden depositar o material prestado, como poden ser chaves, evitando así o contacto físico, que deberá ser previamente desinfectado co xel alcohólico disposto ao lado de dita caixa. En calquera caso, o persoal de conserxaría deberá desinfectar todo o material antes do seu almacenamento. O material que polas súas características non permita a desinfección, introducirase nunha bolsa de plástico ou nunha caixa e colocarase en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material polo menos durante 3 días. Estes espazos de corentena estarán dispoñibles no

almacén de conserxaría (planta 0), e serán xestionados polo persoal da mesma. En caso de grandes equipos que precisen de almacenamento por motivos de corentena, serán almacenados na zona lóbrega do módulo 3 do CINBIO.

Na conserxería do edificio, as persoas que traballan nos centros de investigación, poden recoller os seus *kits* de desinfección e as máscaras e pantallas que se distribúen entre o persoal.

## 5.10 Instalacións deportivas e pavillóns univeristarios

Non aplicable ao Edificio Olimpia Valencia

## 5.11 Xestión do correo e da paquetería. Medios de transporte propiedade da universidade

No caso de ter que acompañar á unha persoa usuaria gardarase a distancia de seguridade, e se non é posible será obrigatorio o uso de máscara.

Aquelas tarefas que se realicen por máis dunha persoa e que non se poida garantir a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros, será obrigatorio realizalas con máscara.

Tanto na recepción como no reparto do correo e paquetería utilizaranse luvas que se desbotarán unha vez termine a manipulación sempre que non sexan reutilizables; neste caso ao rematar desinfectaranse e se lavaran as mans con auga e xabón durante ao menos 40 segundos.

Cando se realice o reparto nos centros por máis dunha persoa será obrigatorio o uso de máscara.

Organizarase co persoal de conserxería o lugar onde se depositará o correo e a paquetaría evitando así, no posible, o contacto con outras persoas.

Nas furgonetas utilizadas para o correo por mais dunha persoa, os/as ocupantes estarán obrigados a utilizar a máscara e a gardar a máxima distancia posible. As máscaras no levaran válvula xa que nestas o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención.

Na utilización dos medios de transporte da Universidade tanto pola parte do persoal da Unidade de Transporte e Distribución como das persoas responsables en réxime de préstamo, seguiranse as seguintes indicacións:

- Será de uso obrigatorio a máscara para as persoas usuarias e para o/a condutor/a. Estará sinalizado no vehículo. Nos vehículos disporase dalgunha máscara por se algunha persoa usuaria se presentara sen ela.

- Antes e despois da súa utilización, desinfectaranse aquelas superficies coas que o persoal puidera entrar en contacto, como os asentos, os pomos das portas, o volante, a panca do cambio de marchas, etc.. Realizarase con frecuencia unha limpeza polo exterior dos vehículos.
- No interior, procurar non sacar o móbil ou calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
- Tanto nos autobuses como nos vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo.
- Nas embarcacións limitarase o número de persoas usuarias (persoal investigador/persoal técnico) de forma que se poida garantir a distancia de seguridade. Será obrigatorio o uso de máscara.
- De ser posible, nos medios de transporte, disporase de dispensadores de solución alcohólica para a desinfección das mans, de limpadores e desinfectantes de superficies e de panos ou papeis que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.
- condutor velará polo cumprimento das normas.
- Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto poidamos, como mínimo durante 40 segundos, ou no seu defecto utilizar solución alcohólica. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

## 5.12 Xardinería

Non aplicable ao Edificio Olimpia Valencia

## 5.13 Cafetarías e comedores

Non aplicable ao Edificio Olimpia Valencia

## 5.14 Prácticas de campo ou mostraxe (saídas para recollida de mostras)

O apartado do protocolo referente ás prácticas de campo ou mostraxe non é aplicable ao Edificio Olimpia Valencia. Se ben non se realizan prácticas de campo ou mostraxe, pode darse o caso de ser necesaria a saída para a recollida de mostras para investigación derivadas de colaboración con grupos de algún hospital da contorna. En este caso, preferentemente escollerase unha alternativa á recollida presencial como pode ser algún servizo de mensaxería. En caso de non ser viable o uso de mensaxería e ser necesario o desprazamento, será realizado

por unha soa sempre que sexa posible. Se fose necesaria a presencia de varias pesonas, se deberá respectar a distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros sempre que sexa posible, e no caso contrario utilizar máscara. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.

Se foxe necesario compartir material, este desinfectarase ao rematar o seu uso. Ás/Aos usuarias/os do Edificio Olimpia Valencia se lles facilitou un kit que conta, entre outros elementos, de unha solución alcohólica.

## 5.15 Congresos, conferencias, encontros

Polo momento non se permite a celebración de congresos, conferencias e encontros ata nova avaliación. No futuro se se permiten, seguiranse as normas que van a continuación.

A celebración de congresos, encontros, conferencias e eventos, no ámbito da investigación científica e técnica, o desenvolvemento e a innovación, realizaranse segundo a lexislación vixente.

Permitirase a realización de congresos, conferencias, encontros e actos similares sen superar o setenta e cinco por cento do aforo permitido do lugar da celebración e cun límite máximo de trescentas persoas sentadas para lugares pechados e de mil persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre. En todo momento deberá cumprirse a obrigación da distancia esixida de 1,5 metros, deberá fomentarse a participación non presencial de aqueles que poidan prestar a súa actividade a distancia.

## 5.16 Prácticas académicas externas, intercambios internacionais

Durante a realización de prácticas académicas externas seguiranse as medidas de prevención establecidas polas entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas. Os intercambios internacionais realizaranse segundo a lexislación vixente.

## 5.17 Limpeza e desinfección

O protocolo de limpeza pódese consultar en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/normativa/protocolo_limpeza_gl.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/normativa/protocolo_limpeza_gl.pdf)

A empresa adxudicataria da limpeza do centro realizará un protocolo de actuación que contemple as medidas indicadas na normativa vixente de aplicación. Deberá entregar unha copia ao responsable do centro que o incluirá no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 no centro.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Protocolo de limpeza nos centros da Universidade de Vigo” coas indicacións normativas que deberanse aplicar en todos os centros en cuanto á limpeza e desinfección dos mesmos. Dito protocolo tomarase como referencia pola empresa adxudicataria da limpeza do centro.

Reforzarase a limpeza e desinfección dos centros en función das características e usos dos mesmos.

Empregaranse sempre procedementos e produtos recomendados polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono. Non se avaliou o uso de lámpadas UV para desinfección de superficies.

## 5.18 Ventilación

A ventilación nas diferentes salas e laboratorios do Edificio Olimpia Valencia farase preferentemente de forma natural mediante a apertura de portas e fiestras a lo menos 15 minutos sempre que sexa posible, varias veces ao día, ao iniciarse e ao finalizar a actividade do centro, mesmo aínda que haxa ventilación mecánica. Naqueles espazos de traballo nos que non existan fiestras procurarase manter a porta aberta. Demostrouse que o risco de contaxio por vía aérea no interior dos edificios é máis elevado cando existe pouca ventilación.

Unha mellora na ventilación fará un edificio mais seguro aínda que podería non alcanzar as condicións óptimas de confort ademais de aumentar o consumo enerxético.

Realizáronse os axustes indicados pola Unidade Técnica da Universidade de Vigo nos diferentes sistemas de climatización do edificio, de cara a garantir unha entrada de aire novo sen recirculación (na medida do posible a recirculación do aire nas UTAs) traballando co 100% de aire exterior. Asimesmo, deberase reforzar a limpeza dos filtros de aire.

En interiores se deberá asegurar unha humidade relativa entre 30% e 70%.

Cando sexa posible, os sistemas descentralizados como as unidades de *fan-coil* ou os pequenos equipos autónomos que utilizan a recirculación local, deberan apagarse para evitar a propagación do virus que estivera en partículas en suspensión. Este tipo de unidades, xeralmente, teñen filtros grosos que no reteñen partículas con carga viral.

## 5.19 Coordinación de actividades empresariais

Asegurarase o intercambio de información coas empresas da distancia de seguridade e dos procedementos de hixiene e prevención necesarios para evitar o risco de contaxio.

Na biblioteca da aplicación E-Coordina atópase o “Protocolo de seguridade fronte ao COVID-19. Orientacións preventivas: Persoal de empresas externas alleas á Universidade de Vigo” que deberá ser entregado a todas as empresas que acometan algún traballo nas dependencias do Edificio Olimpia Valencia.

# 6 Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento

Seguiranse as indicacións que no seu momento marquen os organismos competentes.

# 7 Referencias normativas e bibliográficas


- Buenas prácticas en los centros de trabajo. Medidas para la prevención de contagios del COVID-19. Ministerio de Sanidad.
- Real decreto-lei 21/2020 do 9 de xuño de medias urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19.
- Recomendaciones del Ministerio de Universidades a la comunidad universitaria para adaptar el curso universitario 2020/2021 a una presencialidad adaptada. 10 de junio de 2020.
